

# Boletín de Información Municipal

Grupo Municipal Socialista

Cariño, maio de 2011

Núm. 10

[www.psoecarino.org](http://www.psoecarino.org)



## Facendo balance



**José Luis Armada Castro**

Alcalde de Cariño e candidato do  
PSdeG-PSOE



A actual legislatura está a piques de rematar. Neste Boletín queremos ofrecer un resumo gráfico dos principais resultados da nosa xestión durante os últimos catro anos.

Como podes comprobar, o traballo realizado foi intenso. Piscina Municipal, Centro de Día e Residencia de Maiores, Depuradora, Capitanía Marítima, Beirarrúas de Feás ou Local Social de Maiores amosan a solvencia do Grupo Municipal Socialista na xestión municipal, incluso nun contexto de forte crise económica.

É moi difícil resumir en catro páxinas o traballo realizado nunha legislatura. Por esta razón, este Boletín debes consideralo un mero complemento do labor informativo que vimos realizando a través de internet, de actos públicos e de reunións con colectivos sociais.

O 22 de maio celébranse as eleccións municipais. A nosa candidatura é a única que pode mellorar o balance que aquí ofrecemos. Estou convencido delo. Nestes anos, conseguimos que Cariño superase en servizos e infraestructuras a concellos que contan con moitos máis anos de vida municipal. Na vindeira legislatura queremos priorizar as políticas de crecemento económico e creación de emprego.



**Obras no casco urbano** > Urbanizamos varias rúas, con empedrado, redes de auga e saneamento, beirarrúas en Pérez Lugín (entre lavadoiro e Barreiros). Este ano cambiarase o empedrado da Pulida.



**Parques biosaudables** > Creamos dous parques biosaudables no Paseo Marítimo, que gozan de ampla aceptación entre o público adulto.



**Beirarrúas de Feás** > Esta actuación mellorou moito a seguridade vial neste núcleo urbano, creou aparcamento e consolidou urbanisticamente a entrada no noso termo municipal.



**Renovación dos parques infantís** > Renovamos os tres parques infantís situados no Paseo Marítimo, actuación que supuxo un investimento de 82.000 euros mellorando notablemente a súa seguridade.



**Centro social de Feás** > Este edificio en construción, situado nas inmediacións da igrexa, permitirá solventar a necesidade que existe na parroquia dun local público para todo tipo de actividades.



**Melloras no alumado e aforro enerxético** > As melloras no alumado público, incluíndo reguladores de fluxo, sistemas de telexestión e aforro enerxético punto por punto, melloran a calidade do alumado e supoñen un aforro anual dun 40 %.



**Piscina municipal** > As novas instalacións contan coa última tecnoloxía e son pioneiras no aproveitamento de enerxías renovables. Prevedemos ampliar o horario de apertura ante a elevada demanda.



**Centro de Día e Residencia de Maiores** > O Centro de Día está rematado, mentres que o interior da Residencia atópase moi avanzado, como podes ver na imaxe. Ambos abrirán ó público na nova lexislatura.



**Parque de enerxía solar térmica e fotovoltaica** > Estas instalacións producen enerxía para manter a piscina municipal e xeran ingresos duns 55.000 euros anuais para as arcas municipais durante uns 30 anos.



**Novo local social** > Situado na planta baixa da Casa do Concello, conta cunha superficie superior ós 150 metros cadrados e unhas vistas privilexiadas sobre a fachada marítima.



**Novo edificio do Distrito Marítimo** > Financiado polo Ministerio de Fomento e recentemente inaugurado, mellora notablemente a calidade dos servizos e consolida a Cariño como sede do Distrito Marítimo, antes Capitanía, que foi un logro da nosa primeira etapa no Concello.



**Estación Depuradora de Augas Residuais** > Depura na actualidade as augas residuais de Cariño e A Pedra, e proximamente as das outras parroquias. Supuxo un investimento de 6'5 millóns de euros, incluíndo o mantemento das instalacións durante os vindeiros 20 anos.




**Senda peonil de Basteira e Mazanteo >** Mediante a colaboración con Costas, continuamos creando sendas peonís dotadas de paneis didácticos.



**Xeoloxía e patrimonio >** Contribuímos ó coñecemento da nosa riqueza xeolóxica e patrimonial, mediante xornadas divulgativas, excursións e a publicación de dous libros, en colaboración con varias universidades.



**Albergue da reitoral de Sta. María da Pedra >** Concluimos a primeira fase desta rehabilitación. O futuro albergue permitirá acoller participantes en concentracións deportivas, excursionistas, etc.



**Ortegal Rock >** Celebramos outras catro edicións do festival, que incluíron uns 20 concertos. Entre eles, Rosendo, Raimundo Amador ou Reincidentes.



**Instalacións deportivas >** Continuamos mellorando e creando instalacións deportivas municipais. Renovamos o céspede artificial do campo de fútbol municipal.



**Ampliación do parque móvil >** Incorporamos un tractor desbrozador, un camión compactador para o lixo, un camión contraincendios con motobomba e dous todoterreos -un para intervención rápida e outro para Protección Civil- ó parque móvil municipal.